

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 14 DE SETEMBRO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se regula a composición e o funcionamento dos consellos territoriais do Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria a adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e de conformidade co previsto nos artigos 62, 63 e 67 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; a eximir de garantías nos supostos de pagamentos anticipados e á conta; a incrementar as porcentaxes máximas dos anticipos de pagamento e o importe conxunto de pagamentos á conta e anticipados, destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2017-2018, por un importe total de trece millóns sesenta mil catrocentos sesenta e nove euros (13.060.469 €).

- Acordo polo que se autoriza eximir da constitución de garantías ás entidades colaboradoras que participarán na xestión de axudas para o desenvolvemento do Plan Foexga 2017-2018, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, en réxime de concorrencia non competitiva, por un importe total de un millón catrocentos mil euros (1.400.000 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao acordo, asinado o 18 de setembro de 2015, de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional e nas ensinanzas deportivas, por un importe total de douscentos catorce mil oitocentos vinte e seis euros e cincuenta e un céntimos (214.826,51).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde de Piñor, feita a título gratuito polo Concello de Piñor (Ourense), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde de Xunqueira de Espadanedo, feita a título gratuito polo Concello de Xunqueira de Espadanedo (Ourense), a favor do Servizo Galego de Saúde.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución da 2ª edición dos premios e axudas aos proxectos piloto fábrica 4.0.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe do primeiro semestre de 2017, emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.

- Informe sobre a Estratexia galega para a educación dixital 2020.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a ampliación e o reforzo do Programa Reconduce de apoio ás familias para a prevención do risco de desafiuzamento.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre os convenios de colaboración para incentivar e fomentar o mantemento e a limpeza da maleza nas infraestruturas rurais mediante a adquisición de tractores e rozadoras.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución da orde de axudas destinadas a pemes de transformación dos produtos pesqueiros, marisqueo e acuicultura, cofinanciadas co FEMP.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI QUE REGULA OS ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E AS ACTIVIDADES RECREATIVAS NA NOSA COMUNIDADE

- *Recolle os requisitos indispensables a cumprir tanto en grandes eventos, como en verbenas e festas populares, co fin de garantir a máxima seguridade, tanto das persoas como dos bens*
- *Regula a protección dos menores, a defensa dos consumidores, o respecto polo medio ambiente, a loita contra actitudes discriminatorias e a conservación do noso patrimonio histórico-artístico e cultural*
- *A Lei regula a revenda de entradas, sendo unha das comunidades pioneiras nestes dous ámbitos a nivel estatal*
- *A normativa recolle achegas tanto da Fegamp, coma dos colectivos involucrados, cumprindo así co compromiso adquirido do Goberno galego de aprobar unha Lei co máximo consenso de todas as partes*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sendo a primeira norma autonómica con rango legal que establece unha regulación xenérica, actualizada e global. Ten como principal obxectivo acadar un marco normativo actualizado que garanta a protección e a conciliación dos distintos dereitos e intereses que abranguen tanto os espectáculos públicos como as actividades recreativas.

A nova normativa plasma os requisitos imprescindibles requiridos tanto en grandes eventos, como en verbenas e festas populares, co fin de garantir a máxima seguridade, tanto das persoas como dos bens. Recolle diversas achegas e aportacións tanto da Fegamp como de todos os departamentos involucrados do goberno galego, así como de cidadáns e colectivos directamente implicados para acadar así un texto normativo co maior consenso posible de todos os involucrados.

Esta Lei establece o réxime xurídico dos espectáculos e das actividades recreativas que se celebren en establecementos abertos ao público ou espazos abertos, sempre que se desenvolvan integramente no territorio da nosa comunidade, co fin de garantir a seguridade. Fai especial fincapé na protección dos menores, a defensa dos consumidores, o respecto polo medio ambiente e os animais, a loita contra actitudes discriminatorias e a conservación do patrimonio histórico-artístico e cultural.

A lei outorga unha relevancia especial á protección integral da infancia e da adolescencia, recollendo unha remisión ás obrigas introducidas pola normativa vixente en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en persoas menores de idade, e establece tamén a prohibición de revenda de entradas en papel ou en calquera

medio ou soporte electrónico, estipulando esta infracción como grave con multas que poden acadar os 30.000 euros.

Créase a Comisión de Espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que fará labores de coordinación e asesoramento da Xunta aos concellos que o precisen. Na Comisión estarán representantes tanto da Xunta, como da Fegamp e o sector. Crease tamén o Rexistro autonómico de empresas e establecementos, polo cal se constitúe un rexistro público de empresas e establecementos dedicados á realización de espectáculos públicos e actividade recreativas, no que deben figurar tanto as autorizacións autonómicas como as licenzas pertinentes.

Regulación de horarios e control de accesos

Como novidade, esta normativa inclúe a posibilidade de que os concellos poidan realizar ampliacións ou reducións sobre o horario xeral. Nesta liña, os concellos pasan a asumir as funcións propias que xa desempeñaban en materia de espectáculos públicos polo que deben autorizar as actividades extraordinarias e as ampliacións de horarios, funcións que ata o momento exercía a Xunta de Galicia.

A maiores, establece tamén un plan de inspección dos espectáculos públicos e actividades recreativas que deberán aprobar os concellos no prazo dun ano dende a entrada da Lei, recollendo a obrigatoriedade de contar con plans de emerxencia e de autoprotección, de conformidade coa normativa autonómica vixente.

Regúlase o dereito de admisión. A Lei dispón especiais precaucións en aras de evitar calquera tipo de discriminación que poida limitar a efectividade do dereito de acceso aos espectáculos públicos e actividades recreativas.

Tamén se regula tanto o servizo de control de acceso, que debe contar con persoal habilitado segundo a normativa vixente, como os servizos de vixilancia e seguridade propios, que deben dispor de persoal encargado desa función nos termos previstos na lexislación.

Sancións

Recolle tamén a tipoloxía das infraccións e establécese a competencia para incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores, o que corresponderá aos concellos e aos órganos competentes da Xunta, establecendo tamén as sancións aplicables a cada tipo de incumprimento da infracción como moi graves, graves e leves.

Como sanción moi grave establécese, entre outras, superar a capacidade máxima de aforo cando comporte risco grave para a seguridade das persoas ou non permitir o acceso ao establecemento aberto ao público aos/ás axentes da autoridade ou ao persoal inspector, con sancións que poden acadar os 600.000 euros e a clausura do

local ou establecemento, así como a prohibición e inhabilitación para a organización de espectáculos públicos.

Como infracción graves están tipificados, incumplir horarios ou a suspensión ou alteración dos espectáculos públicos ou actividades recreativas sen causa xustificada, a negativa a actuar por parte do/da artista, intérprete ou executante sen causa xustificada ou incumplir o disposto sobre a venda de entradas ou practicar a súa revenda, entre outras, con multas que poden acadar os 30.000 euros.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE REGULAN OS NOVOS ÓRGANOS ASESORES EN MATERIA DE PATRIMONIO

- *A aprobación é un paso máis na plena posta en funcionamento da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia*
- *Trátase de tres órganos, os consellos territoriais do Patrimonio Cultural de Galicia, o Consello Asesor dos Camiños de Santiago e a Comisión Técnica de Arqueoloxía, adaptados á nova normativa e que permitirán a racionalización administrativa*
- *Isto permite axustar a carga de traballo ás intervencións máis importantes e axilizar a autorización das de menor entidade*

O Consello da Xunta vén de aprobar o decreto a regula a composición e o funcionamento dos Consellos Territoriais do Patrimonio Cultural de Galicia, o Consello Asesor dos Camiños de Santiago e a Comisión Técnica de Arqueoloxía. Novos órganos colexiados, aos que lle corresponde o asesoramento á Consellería competente en materia de Patrimonio previstos no artigo 7 da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia.

Estes órganos veñen a substituír, respectivamente, ás Comisións Territoriais do Patrimonio Histórico, ao Comité Asesor do Camiño de Santiago, e á antiga Comisión técnica de Arqueoloxía, para adaptar os ditos órganos á actual normativa, procedendo, así mesmo, á súa racionalización administrativa.

Coa nova regulación destes órganos axústase a carga de traballo ás intervencións máis importantes, que serán examinadas polos expertos integrantes dos órganos.

Isto permite axilizar a autorización das intervencións de menor entidade, que só precisarán informe técnico e autorización da Dirección Xeral.

Consellos Territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia

Os Consellos Territoriais de Patrimonio Cultural terán competencia dentro do ámbito territorial respectivo das provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e estarán conformados por sete membros cualificados en materia de patrimonio cultural e urbanismo, estando representados nos mesmos tanto o Consello da Cultura Galega coa a Federación Galega de Municipios e Provincias.

Será función deste órgano emitir ditame sobre os expedientes de proxectos de obras e intervencións que afecten os bens inmoables incluídos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, salvo os que se refiran a intervencións de mantemento e conservación preventiva; e os incluídos no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia cun nivel de protección integral, respecto das actuacións de rehabilitación, ampliación

e reconstrucións conforme ao disposto no artigo 42 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

O Consello cumprirá función asesora da propia Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, elevará proposta razoada para a incoación de expedientes de declaración de Ben de Interese Cultural, e de inclusión de bens no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia, e informará sobre as propostas efectuadas a este respecto por outros organismos ou particulares, cando así llo solicite a propia Dirección Xeral.

Consello Asesor dos Camiños de Santiago

O órgano estará conformados por dez membros cualificados en materia de patrimonio cultural, urbanismo e turismo, estando representados nos mesmos tanto o Consello da Cultura Galega como a Federación Galega de Municipios e Provincias.

Emitirá diversos ditames. Emitirá ditame sobre a proposta do Plan territorial integrado dos Camiños de Santiago.

Ao Consello correspóndelle emisión de ditame con carácter previo e preceptivo nos procedementos de autorización de obras de infraestruturas, instalacións e construcións que pretendan situarse no territorio histórico do Camiño de Santiago; e nos de autorización de proxectos de obras e intervencións que afecten os bens inmoables incluídos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, salvo os que se refiran a intervencións de mantemento e conservación preventiva. Tamén atinxe aos incluídos no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia cun nivel de protección integral, respecto das actuacións de rehabilitación, ampliación e reconstrución conforme ao disposto no artigo 42 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Tamén lle corresponde emitir ditame naqueles procedementos de delimitación e deslinde dos tramos do Camiño de Santiago, así como de modificación dos trazados e naqueloutros de declaración de ben de interese cultural de rutas do Camiño de Santiago.

Comisión Técnica de Arqueoloxía

Finalmente, a Comisión Técnica de Arqueoloxía estará conformada por seis membros cualificados en materia de patrimonio cultural, conservación e restauración, infraestruturas, arquitectura e arqueoloxía. Emitirá informe nos procedementos de declaración de ben de interese cultural de zonas arqueolóxicas e noutros ditames e pronunciamentos, a requirimento da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

A XUNTA DESTINA AOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO 13 MILLÓNS QUE BENEFICIARÁN A 2.500 TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE E PERMITIRÁN A CREACIÓN DE 90 POSTOS INDEFINIDOS

- *A orde de axudas, con apoios máximos de ata 23.139 euros, inclúe novidades tras ter en conta as principais demandas do sector*
- *O Goberno galego incentivará por primeira vez cunha maior contía os centros sen ánimo de lucro, así como a creación de emprego feminino, no rural ou entre as familias con todos os seus membros no paro*
- *Refórzanse os apoios ás persoas con especiais dificultades de inserción sociolaboral, aquelas con discapacidades físcosensoriais superiores ao 65% ou con discapacidades psíquicas de máis do 33%*
- *A medida forma parte da Axenda 20 coa que a Xunta impulsa o emprego inclusivo e está destinando este ano un 15% máis que en 2016 aos programas específicos de emprego para as persoas con discapacidade*

A Xunta investirá 13 millóns de euros na integración laboral das persoas con discapacidade nos 107 centros especiais de emprego (CEE) de Galicia. Con esta orde de axudas, da que se informa hoxe no Consello da Xunta, beneficiaranse 2500 traballadores e estimase a creación de 90 postos laborais indefinidos. Esta iniciativa, que forma parte da Axenda 20, enmárcase no orzamento global que a Xunta está destinando este ano aos programas específicos para o emprego das persoas con discapacidade, que aumentan un 15% con respecto a 2016 e chegan aos 14,6 millóns.

A convocatoria, que sairá publicada proximamente no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), inclúe novidades tras ter en conta as principais demandas do sector. O orzamento programado para esta nova edición 2017-2018 aumenta con respecto á última convocatoria en 3,5 millóns de euros. As axudas, que poden superar os 23.000 euros, distribúense en tres tipos de programas: axudas ás unidades de apoio, que ten por obxecto financiar os custos salariais e da Seguridade Social derivados da contratación indefinida de traballadores para apoiar o labor das persoas con discapacidade; axudas á creación, ampliación, mantemento e adaptación de postos de traballo nos centros especiais de emprego; e apoios ao mantemento do custo salarial nos CEE.

Entre as novidades desta convocatoria resaltan os incentivos cunha maior contía para os centros especiais sen ánimo de lucro. A contía base será nestes casos de 13.222 euros e a porcentaxe de financiamento do investimento poderá chegar ao 100%. Ademais, as axudas serán maiores nos casos en que se cree emprego feminino, no rural ou entre as familias con todos os seus membros en paro. Nestes casos, os incentivos aumentarán nun 25% e serán acumulables entre si.

Reforzaranse, así mesmo, os apoios aos traballadores con especiais dificultades de inserción sociolaboral, é dicir, aqueles con discapacidades físicosensoriais superiores ao 65% ou con discapacidades psíquicas-intelectuais de máis do 33%. Neste caso, as contías das axudas á creación de postos estables serán máis elevadas, ao tempo que se incrementarán os apoios ao custo salarial que chegarán ata o 56% do salario mínimo interprofesional (396,31 euros).

Os tres programas

Para as axudas ás unidades de apoio, o primeiro dos programas, a contía base será de 2.400 euros por cada traballador con contrato indefinido ou temporal igual ou superior a 6 meses. No segundo programa, por cada posto creado a xornada completa, a axuda para os centros especiais de emprego sen ánimo de lucro oscilará entre os 13.222 e 23.139 euros e para os que contan con ánimo de lucro entre 12.020 e 21.035 euros. Os apoios ao mantemento serán de 1.803 euros por posto e de 15.000 euros por asistencia técnica. Co terceiro dos programas finánciase parcialmente o custo salarial cunha axuda de 353,85 euros, o que supón o 50% do salario mínimo interprofesional (SMI), aínda que a contía se eleva ata o 56% para as persoas con especiais dificultades.

Esta medida forma parte da Axenda 20 con que a Consellería de Economía, Emprego e Industria está favorecendo a integración laboral das persoas con discapacidade, que son un colectivo prioritario en todas as políticas activas de emprego da Xunta. Estas axudas complementáanse cos apoios do Goberno galego para incentivar nas empresas galegas a contratación de persoas con discapacidade. En definitiva, a Xunta traballa polo emprego inclusivo cun reto principal: mellorar as condicións de empregabilidade dos galegos e galegas e dan resposta ás persoas que teñen máis dificultades para atopar un emprego.

A XUNTA DESTINA 1,4 MILLÓNS DE EUROS PARA IMPULSAR AS EXPORTACIÓNS DE ARREDOR DE 300 PEMES E AUTÓNOMOS A TRAVÉS DO PLAN FOEXGA

- *A iniciativa, en colaboración coas cámaras de comercio, inclúe arredor de 70 accións para apoiar a participación en misións comerciais directas no estranxeiro e a presenza en feiras internacionais*
- *Como principal novidade, poderán beneficiarse destas axudas os autónomos que buscan comezar ou reforzar a súa internacionalización*
- *O plan complementa os servizos de apoio que se achegan a través do Igape, como o programa Galicia Exporta e forma parte das accións impulsadas no marco da Estratexia de internacionalización da empresa galega*
- *Logo do récord histórico de 2016, nos seis primeiros meses deste ano as vendas ao exterior creceron nun 12,3% con respecto ao mesmo período do ano anterior*

A Xunta aprobou hoxe as bases do Plan de fomento das exportacións galegas (Foexga) para 2017 e 2018, que contará cunha achega pública de 1,4 millóns de euros para impulsar as vendas no exterior de arredor de 300 pemes e autónomos galegos. Os beneficiarios deste programa poderán acollerse a arredor de 70 accións de internacionalización, entre as que se encontran misións comerciais directas no estranxeiro, así como a presenza en feiras e noutros eventos expositivos.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria cobre, a través do Igape e contando con cofinanciamento dos Feder, o 90% dos custos; corresponde o 10% restante ás achegas dos participantes. Como principal novidade, poderán beneficiarse destas axudas, ademais das empresas, os autónomos que buscan comezar ou reforzar a súa internacionalización.

A iniciativa, que se desenvolve en colaboración coas cámaras de comercio galegas, que organizan e coordinan as accións, ten entre os mercados prioritarios para esta convocatoria Alemaña, China, Portugal, Brasil, Colombia, Cuba, Emiratos, Estados Unidos, Marrocos, México, Perú, Reino Unido, Canadá, Chile, Francia, India, Israel, Italia, Rusia, Xapón, os países da Africa subsahariana e países de mercados multilaterais, así como outros lugares para os cales se xustifique a idoneidade do mercado para as empresas galegas.

A Xunta considera de especial interese colaborar no desenvolvemento das citadas actuacións impulsadas polas cámaras co obxectivo de coordinar esforzos, servizos e recursos para estimular os procesos de internacionalización das empresas e da industria galega.

O Plan Foexga complementa os servizos de apoio e as axudas que se achegan a través do Igape como o programa Galicia Exporta e forma parte das accións impulsadas no

marco da Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020, co obxectivo de manter o bo ritmo exportador da Comunidade.

Logo do récord histórico de 2016, cunhas exportacións que superaron os 20.000 millóns de euros, nos seis primeiros meses deste ano as vendas ao exterior creceron nun 12,3% con respecto ao mesmo período do ano anterior.

A VICEPRESIDENCIA DA XUNTA E A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN REFORZAN A COLABORACIÓN PARA FORMAR TÉCNICOS EN EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL

- *A Xunta destina preto de 215.000 euros a este ciclo de grao medio, cuxa docencia se desenvolve de xeito compartido entre as instalacións do IES Antón Losada Diéguez e as da Academia Galega de Seguridade Pública, ambos na Estrada*

A Vicepresidencia e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria reforzan, por terceiro ano, a colaboración na formación do alumnado do ciclo formativo de grao medio en Emerxencias e Protección Civil, correspondente á familia profesional de Seguridade e Medio Ambiente, para o curso 2017/18.

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha addenda que dá continuidade ao acordo asinado en 2015 a través do cal se imparten este tipo de ensinanzas de xeito compartido nas instalacións do IES Antón Losada Diéguez e da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp), ambos na Estrada.

Deste xeito, no marco do compromiso do Goberno galego de ofertar unhas ensinanzas públicas da maior calidade e con mellores opcións para a empregabilidade, favorécese que os estudantes obteñan a cualificación máis completa no campo da seguridade e do salvamento

Estas ensinanzas - derivadas do desenvolvemento da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación- impartíronse por primeira vez no curso 2015/16 mediante unha oferta única, é dicir, que á excepción do mencionado IES, non se imparten en ningún centro educativo público da nosa Comunidade Autónoma.

Outra dos elementos salientables desta colaboración é que os recursos da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) súmanse á formación que imparte o profesorado da Consellería de Cultura e Educación e, deste xeito, garántese dispoñer de recursos e especialistas de alta cualificación nestas disciplinas.

Módulos impartidos na Agasp

No caso do ciclo formativo de grao medio en Emerxencias e Protección Civil, impártense na Agasp os módulos de mantemento e comprobación do funcionamento dos medios materiais empregados na prevención de riscos de incendios e emerxencias; vixilancia e intervención operativa en incendios forestais, Intervención operativa en extinción de incendios urbanos; intervención operativa en sucesos de orixe natural, tecnolóxico e antrópico; intervención operativa en actividades de salvamento e rescate; inspección de establecementos, eventos e instalacións para a prevención de incendios e emerxencias e coordinación de equipos e unidades de emerxencias.

Neste sentido cómpre salientar que a Academia Galega de Seguridade Pública ten unha larga traxectoria formativa, na elaboración de programas formativos e na impartición de formación nestas disciplinas, así como na colaboración coas universidades e institucións docentes. Ademais, a Agasp dispón dos espazos e dos equipamentos necesarios que os centros educativos non posúen para a impartición destas titulacións, o que redunda nunha mellor formación do alumnado galego.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE DE XUNQUEIRA DE ESPADANEDO E DE PIÑOR, NA PROVINCIA DE OURENSE

- ***En total, con estes dous novos centros, o Sergas asume desde 2009 a titularidade de 68 centros de saúde cedidos ao abeiro do Pacto local***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a aceptación da cesión gratuíta dos centros de saúde de Xunqueira de Espadanedo e de Piñor, na provincia de Ourense. Estas cesións pertencen ao grupo dos 25 centros de saúde dos que o Sergas anunciou este ano que asumiría os gastos de mantemento.

En total, con estes dous novos centros, o Sergas asume dende 2009 a titularidade de 68 centros cedidos ao abeiro do Pacto local.

Para o ano 2017, a estimación do custo de mantemento do centro de saúde de Xunqueira de Espadanedo, que ten unha superficie total construída de 286 metros cadrados, ascende a 18.000 euros. No caso do centro de saúde de Piñor, a superficie total construída é de 183 metros cadrados e a estimación do custo de mantemento para este ano ascende a 13.000 euros.

Cesións voluntarias

O proceso iníciase coa sinatura por parte dos concellos duns convenios nos cales se establecen as bases da cooperación co Sergas para a cesión da propiedade do centro de saúde do que é titular o dito concello ao Servizo Galego de Saúde e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos do seu mantemento. O Concello comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios co fin de posibilitar a cesión patrimonial do centro de saúde libre de cargas e gravames, así como a aprobar determinadas exencións e bonificacións fiscais, e o Servizo Galego de Saúde acepta a cesión do inmovible e comprométese a asumir os gastos de mantemento.

Cómpre destacar que a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde xorde no momento en que se eleve á escritura pública a cesión da titularidade dos centros ao Servizo Galego de Saúde.

Pacto local

Entre as actuacións recollidas no Pacto local, acordo asinado en xaneiro de 2006 entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), atópase a asunción pola Comunidade Autónoma dos custos de mantemento dos centros de saúde a cargo dos concellos.

Isto concretouse nun protocolo formalizado entre a Consellería de Sanidade e a Fegamp sobre a asunción dos gastos de mantemento dos centros de saúde, no cal se establece o procedemento a seguir para a cesión da propiedade -voluntaria para os municipios- das devanditas instalacións ao Servizo Galego de Saúde.

A SEGUNDA EDICIÓN DO CONCURSO DE IDEAS INDUSTRIA 4.0 PERMITIRÁ AVANZAR CARA Á FÁBRICA INTELIXENTE A 32 PEMES DE SECTORES ESTRATÉXICOS

- *A convocatoria impulsada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria apoiará catro iniciativas colectivas dos clústers da automoción, da madeira, do agroalimentario e do naval que mobilizarán máis de 8 millóns de euros*
- *Impulsarase ademais un proxecto nos ámbitos específicos da fábrica virtual promovido pola Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia (ASIME) para mellorar a competitividade mediante modelos de simulación industrial*
- *Grazas á primeira edición xa se desenvolveron investimentos nun total de 38 pequenas e medianas empresas que serven de exemplo a seguir por outras compañías do seu sector*

A segunda convocatoria do concurso de ideas Industria 4.0, impulsado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, mobilizará máis de 8 millóns de euros e apoiarán o desenvolvemento de 32 novos proxectos piloto de pemes de sectores estratéxicos para Galicia, que avanzarán así cara á Fábrica intelixente e servirán de exemplo para outras empresas na implantación deste novo modelo produtivo que se apoia nas novas tecnoloxías como clave para a mellora competitiva.

Mediante a resolución da que hoxe se informou no Consello da Xunta, apoiaranse un total de cinco novas iniciativas colectivas, que contarán con 2,8 millóns de euros de apoio público. Por unha banda, seleccionáronse catro novos proxectos de carácter sectorial presentados polos clústers de automoción (Ceaga), madeira (CMAD) e alimentación (Clusaga), que xa impulsaran investimentos 4.0 ao abeiro da primeira edición, e o clúster do naval (Aclunaga), que se incorpora nesta nova convocatoria.

O proxecto liderado por Ceaga, coa participación de nove pemes do sector do automóbil, céntrase na automatización, a dixitalización e a intercomunicación máquina a máquina, así como na conectividade total ou estendida. Entre outras iniciativas, as empresas participantes desenvolverán un sistema de almacenamento dinámico automatizado e intelixente, implantarán vehículos autónomos para o transporte interno ou avanzarán na personalización extrema de produtos.

No tocante á iniciativa presentada polo Clúster da Madeira e o Deseño, concíbese como un movemento das empresas cara á especialización, tecnificación e aumento da súa competitividade propia. A agrupación está formada por nove pemes pertencentes a diferentes elos da cadea de valor: a explotación forestal e xestión e transformación de biomasa; a primeira transformación de madeira, taboleiro e papel, a remanufactura de madeira e a industria auxiliar forestal, entre outros.

Pola súa banda, Clusaga busca incorporar, na cadea de valor dos alimentos e das bebidas, solucións intelixentes de novas tecnoloxías nos procesos de produción e envasado e na rastrexabilidade. O proxecto incorpora cinco pequenas e medianas empresas que son referentes tecnolóxicos en áreas estratéxicas: lácteo, avícola, pesqueiro, vitivinícola e hortofrutícola.

O obxectivo do proxecto de Aclunaga, que incorpora cinco pemes, é revitalizar os procesos produtivos e de xestión vinculados á fabricación avanzada no sector naval e na industria auxiliar, apostando pola dixitalización como elemento clave.

No que respecta ao proxecto temático, presentado por Asime e centrado na fábrica virtual, afróntase o reto que supón adaptar as tecnoloxías de simulación á peme industrial galega. Para iso, selecciona catro empresas en que, mediante o uso destas tecnoloxías, se diminuirán os seus custos, se fabricarán novos produtos e aumentarán o valor engadido aos que xa fabrican, mellorando como consecuencia a súa competitividade. Empregaranse tecnoloxías como a simulación industrial e a realidade virtual e aumentada.

Grazas ao primeiro Concurso de ideas impulsado polo Igape están rematando o seu proceso de desenvolvemento proxectos realizados a través de 38 pequenas e medianas empresas dos ámbitos da automoción, da alimentación, do aeronáutico e da madeira, cun importante efecto demostrador para outras compañías do seu sector, e que mobilizarán 7,5 millóns de euros. Entre as dúas convocatorias, son 70 empresas que mobilizan 15,6 millóns de euros en investimentos no ámbito da Industria 4.0 e contan con axudas que suman 5,6 millóns de euros.

Estas iniciativas enmárcanse na Axenda Industria 4.0, que nos seus dous primeiros anos de desenvolvemento beneficiou a case 4.200 empresas, e facilitan a mobilización de 342 millóns de euros e a creación de 11.500 empregos industriais.

A Xunta prevé destinar máis de 175 millóns de euros ao desenvolvemento do segundo plan bienal da Axenda 4.0, un 22% máis que no período anterior, para seguir avanzado no desenvolvemento da Fábrica intelixente en Galicia.

AS ACCIÓNS SOCIAIS, CULTURAIS E O APOIO Á INVESTIGACIÓN COPAN OS CONVENIOS DA XUNTA COAS UNIVERSIDADES

- *O Goberno galego destinou a estes acordos máis de 1,6 millóns de euros no primeiro semestre deste ano*
- *Estas achegas ao Sistema Universitario de Galicia (SUG) realízanse a maiores da cantidade asignada a cada universidade a través do Plan de financiamento*

A Xunta de Galicia destinou un total de 1.619.349,16 euros aos 48 convenios subscritos coas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) no primeiro semestre do ano 2017. Cómpre salientar que estas achegas ao Sistema Universitario de Galicia (SUG) se realizan a maiores da cantidade asignada a cada universidade a través do Plan de financiamento.

Así o recolle o informe emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica, elevado hoxe ao Consello da Xunta.

Así mesmo, o importe medio que representou cada convenio para as universidades experimento un incremento, desde os 33.367,38 euros no primeiro semestre de 2016 até 33.736,44 euros no primeiro semestre deste ano, o que significa unha suba porcentual do 1,11%.

Respecto das entidades da Xunta asinantes, as consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; de Sanidade e a Presidencia da Xunta de Galicia (con 7 cada unha delas), foron as que máis convenios asinaron, seguidas de Política Social e Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza (6 cada unha), Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e Economía, Emprego e Industria (5 cada unha), Mar (2) e Facenda, xunto con Medio rural e Infraestruturas e Vivenda (1 cada unha).

Accións conveniadas

No referido ás accións conveniadas, a meirande parte dos acordos corresponde a accións sociais, culturais, deportivas ou de voluntariado (con 13 convenios que copan o 30,2% das contías), e ao apoio ao mantemento, á reforma e adaptación das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación (con 11 convenios e o 25,6% do orzamento). Séguenlle os convenios de apoio á inserción laboral dos titulados dirixidas ao alumnado universitario galego (con 7 convenios), os másteres oficiais e o mantemento de infraestruturas (6 cada unha destas epígrafes).

En canto á repartición por universidades, a de Santiago de Compostela obtén neste período o 48,51% das achegas, a de Vigo o 35,55% e A Coruña o 4,38%.

TODO O ALUMNADO DE ENSINO OBRIGATORIO TERÁ FORMACIÓN EN ROBÓTICA E PROGRAMACIÓN NO CURSO 2020/21

- *Edudixital 2020, dotado con máis de 50 millóns de euros, está formado polo impulso ao proxecto e-dixgal e pola promoción dos coñecementos STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas), sobre todo entre o xénero feminino*
- *Crearase o bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía e poñeranse en marcha os 'Espazos maker' para desenvolver proxectos científicos*
- *No caso de e-dixgal, buscarase incorporar máis centros ao plan e introducirase un módulo específico de contido dixital nos plans de convivencia*
- *O profesorado terá plans de formación asociados ás novas dotacións de recursos no ámbito STEM e aos novos enfoques metodolóxicos na contorna dixital*
- *A Consellería abre Edudixital 2020 ás familias e á sociedade civil: universidades, colexios profesionais, museos, empresas, fundacións, etc., co fin xerar un marco propicio para impulsar as vocacións científico-tecnolóxicas*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a Estratexia galega para a educación dixital, Edudixital 2020, elaborada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para impulsar o proxecto e-dixgal (tamén coñecido como libro dixital) e os coñecementos STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas) entre o alumnado galego. O plan nace con dous obxectivos principais. En primeiro lugar, busca lograr que todo o alumnado de ensino obrigatorio teña formación en robótica e programación no curso 2020/21, co fin de que ao finalizar os estudos acade un nivel adecuado de competencia dixital e científico-tecnolóxica. Por outro lado, tamén se pretende romper coa fenda de xénero nos estudos STEM.

Entre as principais accións para alcanzar ambos os dous obxectivos cómpre salientar a creación do bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía, a extensión dos kits de robótica a todos os centros de ensino obrigatorio ou a posta en marcha dos 'Espazos maker' como espazos de creación científica. Tamén se traballará para incorporar máis centros a e-dixgal, así como para mellorar a conectividade, os equipamentos e os contidos dixitais.

Edudixital -que parte cunha dotación superior aos 50 millóns de euros- tamén se estrutura en 4 eixes de actuación: centros educativos, alumnado, profesorado, familias e sociedade civil.

Que é Edudixital 2020

Edudixital 2020 nace para dar resposta aos retos actuais e futuros que presenta a sociedade dixital, tendo en conta que, por exemplo, a Unión Europea avanza un crecemento para as ocupacións en ámbitos relacionados coas STEM dun 8%, fronte a

un 3% de todas as ocupacións. Ademais, estímase que se crearán ata sete millóns de postos de traballo relacionados con materias STEM en 2025.

Deste xeito, e co obxectivo de tentar cumprir coas necesidades do futuro inmediato, a Consellería formula dúas liñas de traballo conectadas: e-dixgal e a estratexia STEM. Ambas as dúas conforman a educación dixital, entendéndoa como aquela que trata de favorecer o desenvolvemento das competencias dixitais e científico-tecnolóxicas nas aulas, fomentando, en consecuencia, a igualdade de oportunidades, a creatividade, a empregabilidade das xeracións máis novas e a súa competitividade na actual sociedade global.

O punto de partida: 11.600 alumnos con e-dixgal e 12.000 traballando STEM

O departamento educativo da Xunta de Galicia traballou nos últimos anos nas dúas liñas que conforman Edudixital. De feito, o libro dixital, posto en marcha no 2014, chega este curso 2017/18 a 154 centros e 11.600 alumnos, tras a incorporación de 60 centros máis. Ademais, este ano haberá unha conectividade maior a 100 Mbps en todos os centros educativos e iniciouse o proceso de adquisición de 22.000 equipos nos vindeiros dous anos para alumnado e profesorado. Así mesmo, neste curso tamén se incorporará un terceiro provedor de contidos dixitais para as materias de 5º de primaria e 2º de ESO, e un cuarto provedor para a materia de inglés; ao que se suma a posta en marcha do denominado 'Espazo de creación', no que docentes e empresas TIC e audiovisuais aproveitarán sinerxías.

Pola súa banda, no ámbito científico-tecnolóxico impulsouse un cambio curricular a través de novas materias de libre configuración como Robótica, Programación ou Identidade dixital (nova neste curso). Asociado ás ditas materias, no 2016/17 repartíronse kits de robótica, programación e impresión 3D en todos os centros de secundaria. Tamén se estableceron marcos estables de colaboración con entidades e sociedade civil, e desenvolvéronse outras accións (como Club de Ciencia ou Desafío STEM) que teñen como principal obxectivo estimular o espírito científico entre a mocidade. Froito destas medidas, actualmente hai máis de 12.000 alumnos implicados nalgunha acción vinculada a STEM e máis de 750 kits despregados.

Horizonte 2020: STEM como liña estratéxica

No ano 2015, a Consellería, en colaboración coa Amtega, realizou un estudo sobre vocacións STEM entre o alumnado galego. Entre os principais resultados desta análise cómpre salientar que o 40% do estudantado non se considera capaz de realizar estudos científico-tecnolóxicos, e que tan só o 54% das mozas declaran ser capaces de facer unha enxeñaría, fronte ao 74% dos mozos. Partindo destes datos, Edudixital 2020 formula unha ambiciosa estratexia no ámbito STEM co fin de reverter estes números.

Neste curso 2017/18, ademais de ofrecer unha nova materia de libre configuración autonómica (Identidade dixital), ampliaranse a 120 centros de primaria os kits de robótica, celebrárase a Semana STEM (inmersión intensiva gratuíta para traballar con metodoloxías activas e dun xeito lúdico os ámbitos vinculados coa robótica, programación, pensamento computacional, 3D...) e o profesorado contará, por primeira vez, cun plan específico de formación asociado ás novas dotacións de recursos.

Bacharelato de excelencia: traballo de investigación e certificación

Entre as principais novidades incluídas en Edudixital 2020, destaca a posta en marcha do bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía, orientado a aqueles centros que oferten a modalidade de ciencias. O alumnado cursará algunha materia extracurricular semanal, de dúas ou tres horas, de afondamento, relacionada co ámbito de materias STEM e cun enfoque baseado no incremento das habilidades de expresión e comunicación. Deste xeito, en lugar de 32 períodos lectivos, o horario pasa a 34/35. Ademais, tamén dispoñerán de actividades complementarias como charlas, obradoiros ou cursos.

Os alumnos deberán desenvolver, ao longo dos dous cursos, un traballo de investigación consistente na realización dun proxecto ou estudo. Do mesmo xeito que ocorre cos traballos de fin de grao, deberán facer unha defensa pública do proxecto, que será avaliado por unha comisión. Ao final da etapa, os alumnos recibirán unha certificación académica en que se acredite que realizaron este bacharelato de excelencia.

O obxectivo é que, no curso 2020/21, Galicia conte con 20 centros de ensino secundario con bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía.

'Espazos maker' e rede de centros eSTEM.gal

Outra das accións integradas dentro do novo programa é o desenvolvemento dos 'Espazos maker', que funcionarán como centros de actividades onde o alumnado, o profesorado e incluso as familias desenvolvan proxectos mediante a experimentación. Trátase de espazos que comportarán dotación de equipamento específico, cuxo obxectivo é fomentar a creatividade e a innovación dos mozos e mozas partindo da filosofía de "aprender facendo". Estímase que desta iniciativa se beneficien 300 centros no horizonte 2020/21.

A terceira gran novidade é a creación da rede de centros eSTEM.gal, que aglutinará aqueles centros cunha especial motivación polo desenvolvemento científico-tecnolóxico, permitíndolles compartir as boas prácticas e crear comunidades de interese. Os que se integren na rede partirán con beneficios á hora de participar en proxectos de innovación educativa. A previsión é sumar 100 centros a esta rede no horizonte 2020/21.

Sen saír do primeiro eixe de actuación, tamén se dotarán de kits de robótica e programación todos os centros de primaria -en liña co obxectivo principal da estratexia- e ampliáranse os Club de Ciencia, que pasarán dos 10 que houbo de xeito inicial no curso 2016/17 aos 200 no 2020/21.

Máis oportunidades para o alumnado

Ademais de obter unha certificación académica vinculada ao bacharelato de excelencia, o alumnado que teña un grande interese científico poderá participar en actividades de integración noutros sistemas educativos (nacionais ou estranxeiros) para desenvolver accións no ámbito STEM e mellorar a competencia en linguas estranxeiras. Tamén poderá participar na Semana STEM, cuxo propósito é beneficiar máis de 2000 alumnos.

Formación do profesorado e imbricación da sociedade

Igual que ocorre co plurilingüismo, as novas dotacións de recursos no ámbito STEM, así como os novos enfoques metodolóxicos na contorna dixital, precisan de plans específicos de formación para o profesorado. Poñeranse a disposición dos docentes un total de 10.000 prazas de formación ao longo do período.

Pola súa banda, o cuarto e último eixe de actuación de Edudixital confórmano as familias e a sociedade civil. Neste ámbito, as escolas de nais e pais xogarán un papel fundamental á hora de analizar as cuestións vinculadas aos retos da sociedade dixital. Ademais desenvolveranse programas de cooperación con todas as principais entidades académicas e específicas do sector científico-tecnolóxico (universidades, colexios profesionais, museos, planetarios, etc.) para crear un marco propicio co que estimular o espírito STEM entre a sociedade. Crearase, así mesmo, un programa específico de motivación no ámbito dixital coa participación de persoas e entidades destacadas no eido científico e da divulgación.

300 centros con libro dixital

No caso concreto de e-dixgal, prevense alcanzar os 300 centros e máis de 20.000 alumnos beneficiados no curso 2020/21. A maiores de mellorar a conectividade, os equipamentos e os contidos dixitais, tamén se introducirá unha liña de traballo fundamental asociada á contorna dixital: un módulo específico nos plans de convivencia para traballar a identidade dixital e prever condutas contrarias á convivencia. Ademais, convocaranse premios individuais á creatividade en contornas dixitais vinculados aos proxectos dos centros.

A XUNTA REFORZARÁ O PROGRAMA RECONDUCE COA CREACIÓN DE SEIS NOVAS OFICINAS TERRITORIAIS E A CONSOLIDACIÓN DA DE SANTIAGO

- *A Administración autonómica investirá preto de 600.000 euros para a contratación de 16 novos efectivos de persoal*
- *Esta medida forma parte dos compromisos asumidos pola Xunta de Galicia no marco da Axenda Social asinada conxuntamente pola Xunta, a Fegamp e a Rede Galega contra a Pobreza EAPN-Galicia o pasado ano*
- *Desde agora pasarán a ser tamén obxecto de intervención deste programa ás persoas e familias en risco de desafiuzamento por falta de pagamento da renda de alugamento da vivenda habitual*

A Xunta de Galicia ampliará e reforzará o programa Reconduce para a prevención do risco de desafiuzamento co obxectivo de mellorar a calidade da atención ás persoas e familias que se atopen nesta situación. Para iso, incrementará a dotación de persoal deste programa a través de dúas vías. Por unha banda, mediante a consolidación da oficina central de Santiago e, por outra, mediante a creación de seis novas oficinas territoriais de xeito que se garanta a dispoñibilidade dun dispositivo de atención deste programa en cada unha das sete cidades de Galicia. Para levar a cabo esta ampliación de persoal, o Goberno galego realizará un investimento anual de 591.862,36 euros

Deste xeito, contrataranse 16 novos efectivos de persoal para o programa. Sete deberán ter o grao en dereito ou nunha titulación equivalente para o exercicio das funcións de asesoramento xurídico; outras sete persoas deberán contar con titulación universitaria en traballo social; unha persoa con grao en administración e dirección de empresas ou equivalente ou con grao en economía ou equivalente; e un auxiliar administrativo. A aplicación desta medida será inmediata, de xeito que a incorporación destes profesionais está prevista para o longo deste mes.

Tras preto de catro anos desenvolvendo o programa, a Xunta de Galicia constatou a conveniencia de facilitarles o acceso ás persoas usuarias nun contorno máis próximo ao seu domicilio, tendo en conta que en situacións tan delicadas como as que están a padecer, o apoio presencial é moi importante e a carencia de recursos económicos ás veces dificulta que os usuarios se poidan desprazar ata Santiago para seren atendidos de xeito presencial.

Así mesmo, este reforzo do persoal dos servizos sociais comunitarios municipais forma parte dos compromisos asumidos pola Xunta de Galicia no marco da Axenda Social asinada conxuntamente pola Administración autonómica, a Fegamp e a Rede Galega contra a Pobreza EAPN-Galicia o pasado ano.

Así mesmo, desde agora pasarán a ser tamén obxecto de intervención deste programa as persoas e familias en risco de desafiuzamento por falta de pagamento da renda de alugamento da vivenda habitual. Ata o momento, o programa atendía unicamente as familias afectadas por desafiuzamentos por execución hipotecaria.

Desde a apertura da oficina central no ano 2013, o programa Reconduce atendeu a case 500 familias (476 no día 1 de setembro de 2017), e superan os 200 expedientes de intermediación bancaria tramitados, a meirande parte dos cales concluíron cun acordo de reestruturación de débedas favorable para as persoas e familias en situación de vulnerabilidade usuarias do programa e, en menor medida, con acordos de dación en pagamento como medio extraordinario de cancelación das débedas. Así mesmo, xestionáronse 200 casos de desafiuzamento por falta de renda de pagamento da renda de alugamento.

Paralelamente a este programa, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten en marcha varios programas que complementan as accións impulsadas a través do Reconduce co obxecto de garantir o dereito de toda persoa a dispor dunha vivenda. Estas son o programa de realoxamento para persoas afectadas por execucións hipotecarias, o bono de alugueiro social e a promoción da oferta de recursos residenciais para o programa de vivendas baleiras no ámbito do seu termo municipal (convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e os concellos de Galicia para o desenvolvemento do Programa de vivendas baleiras).

Así mesmo, e en colaboración coas entidades financeiras, a Xunta de Galicia subscribe convenios para facilitar a permanencia na vivenda de persoas afectadas por execucións hipotecarias e para a cesión de vivendas baleiras para destinalas á protección de debedores hipotecarios, afectados por desafiuzamentos por non pagamento de rendas e outras políticas sociais en materia de vivenda. Ao abeiro destes acordos, as entidades comprométense a non desaloxar vivendas sometidas á execución hipotecaria, a permitirlles ás persoas afectadas continuar nelas en réxime de alugamento social e, por outra parte, ceden vivendas baleiras da súa propiedade para alugamento social. E, cun ámbito máis limitado, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda dispón do programa Aluga, unicamente vixente para os contratos en vigor, así como para os realoxamentos por execucións hipotecarias naqueles lugares onde non se dispoña de vivendas publicas.

A XUNTA DESTINA 2,8 MILLÓNS DE EUROS A FINANCIAR A COMPRA DE TRACTORES POLOS CONCELLOS PARA MANTER LIMPAS AS VÍAS MUNICIPAIS, AS FAIXAS DE XESTIÓN DA BIOMASA E DETERMINADAS PARCELAS

- *Con esta maquinaria rozaranse os camiños de titularidade municipal para melloralos e loitar contra os incendios forestais*
- *A repartición dos fondos farase entre municipios rurais en función de criterios obxectivos e primarase o seu uso en común por máis dun concello*

A Consellería do Medio Rural asinará convenios de colaboración con diferentes concellos galegos para o mantemento libre de maleza das infraestruturas rurais, as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e determinadas parcelas de titularidade municipal. O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe un informe sobre esta cuestión e agora procederase a finalizar a tramitación cos gobernos municipais.

A Xunta destinará preto de 2,8 millóns de euros a esta finalidade. Con estes fondos financiarase a adquisición, por parte dos concellos, dun vehículo tractor e dous apeiros rozadora para realizar estes labores de limpeza, que teñen como principais obxectivos a mellora da calidade de vida no rural, ao ter en condicións óptimas a rede viaria, e a loita contra os incendios forestais.

O orzamento estimado de gasto para cada municipio é de 90.000 euros. A repartición dos fondos farase en función de criterios obxectivos. Así, poderán beneficiarse concellos de menos de 10.000 habitantes, primarase o uso en común por máis dun municipio e os beneficiarios non poden ter asignadas motobombas novas por parte de Medio Rural nos últimos cinco anos. Ademais, terán que ter subscrito nas súas tres liñas de actuación o convenio para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, ou ben ter rexistrada algunha Parroquia de alta actividade incendiaria no seu territorio (PAAI), ou que teñan predios recoñecidos -ou en proceso de recoñecemento- da titularidade a través da Lei de mellora territorial agraria de Galicia. Por último, os concellos beneficiarios non poderán ter recibido máis de 90.000 euros no ano 2017, a través do Fondo de Compensación Ambiental.

Neste mesmo sentido, darase prioridade aos concellos polo número de entidades de poboación, segundo o último dato publicado polo Instituto Galego de Estatística. En todo caso, o imposto sobre o valor engadido (IVE) non será considerado como gasto subvencionable.

UN TOTAL DE 30 PEMES DE TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS PESQUEIROS BENEFÍCIANSE DE MÁIS DE 4,1 MILLÓNS DE EUROS PARA MELLORAR AS SÚAS INSTALACIÓNS ESTE ANO

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a orde que regula estas axudas, convocada no 2016*
- *Estas axudas súmanse ás convocadas en febreiro deste ano para o mesmo fin por un importe de 18 millóns de euros e que na actualidade se atopan en tramitación*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a orde que regula as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 15 de setembro de 2016, para as pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros, marisqueiros e da acuicultura e cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). Delas beneficiáronse 30 pemes de transformación de produtos do mar, por valor de máis de 4,1 millóns de euros, para mellorar as súas instalacións este ano.

Así, a través destas achegas apóianse os investimentos que fagan as pemes que fomenten a sustentabilidade ambiental mediante proxectos que contribúan a aforrar enerxía ou reducir o impacto no medio e que melloren a seguridade, a hixiene, a saúde e as condicións de traballo das plantas. Tamén aquelas que axuden á transformación de capturas de peixe comercial que non se poida destinar ao consumo humano.

Ao abeiro destas axudas, a Consellería do Mar tamén subvenciona todas aquelas actuacións relacionadas coa transformación de produtos de acuicultura ecolóxica, así como aquelas que dean lugar a novos e mellores produtos, procesos e sistemas de xestión e organización, entre outros.

Estas axudas súmanse ás convocadas pola Consellería do Mar en febreiro deste ano para o mesmo fin por un importe de 18 millóns de euros e que na actualidade se atopan en tramitación.

Deste xeito, a Xunta aposta por mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas e por conseguir un maior nivel de diversificación e diferenciación da oferta. Tamén busca modernizar tecnoloxicamente os procesos de produción e distribución de cara a facelas máis competitivas no mercado.